

Arnela

A Laracha

Número 3. Epoca 2ª / 4º trimestre 2008

Envío Postal sen enderezo

“ O goberno do Partido Popular tardou máis dun ano en asinar a entrada do concello no Consorcio de Igualdade e Benestar ”

O Vicepresidente Anxo Quintana estivo na Laracha para inaugurar o servizo

O BNG pon en funcionamento a Galescola da Laracha

Nun acto que despertou gran interese entre as nais e os pais o Vicepresidente da Xunta de Galiza, Anxo Quintana, inaugurou, o pasado 19 de setembro, a Galescola da Laracha.

Neste acto constatouse como se traducía en feitos o compromiso por parte da Vicepresidencia da Xunta de dotar á Laracha dun servizo público de calidade e que racha co antigo concepto de gardería, xa que a Galescola é un Centro Educativo que aposta pola educación de calidade, pola imaxinación e a comunicación e cuxos obxectivos se fundamentan en 3 piares básicos: calidade, identidade e compromiso de país.

Dar este paso non foi sinxelo posto que desde o Goberno municipal do Partido Popular se tardou máis



dun ano en asinar a entrada do Concello no Consorcio de Igualdade e

Benestar da Vicepresidencia da Xunta de Galiza, o que impediu que, pese a estar rematada a obra desde facía tempo, a escola infantil non poidera ser posta a funcionar.

Desde o momento en que se asinou a entrada do Concello no Consorcio a Vicepresidencia “forzou a máquina” para que o servizo se puxese a funcionar con normalidade desde o primeiro día lectivo do curso, polo que o propio día da inauguración o centro xa estaba funcionando.

(Continúa na seguinte páxina)

Editorial

Co BNG no goberno do noso país, chegará a ser unha realidade a creación dun “Sistema Galego de Benestar”, igual que hoxe temos uns sistemas sanitarios e educativos públicos. En poucos anos, o nacionalismo galego está a crear este sistema público de benestar desde o goberno do noso país, levando a cabo a “revolución tranquila” da que tén falado Anxo Quintana na inauguración da Galescola da Laracha.



Edita: BNG A Laracha

O Centro de Día estará en funcionamento en menos de ano e medio

(vén da primeira páxina)

O acto de inauguración consistiu no descubrimento, por parte de dous nenos usuarios do centro, dunha placa que expresa no seu texto que "a Galescola foi inaugurada polos veciños e as veciñas do concello da Laracha", feito dun fondo calado simbólico nun concello onde todas as obras parecen ser feitas por designio divino do alcalde que goberna e non como unha mellora social para a veciñanza -que as fai posíbeis cos seus impostos-, que é como entende o BNG a acción de Goberno.

Para o BNG, os protagonistas son os veciños e as veciñas, feito que se demostrou en que as nais e pais, persoal do centro, e público en xeral presente no acto poidera intervir no mesmo facendo preguntas e suxestións ao Vicepresidente Anxo Quintana. Nestas intervencións púxose de manifesto a necesidade de seguir incrementando os servizos do Consorcio na Laracha, e o

Vicepresidente non dubidou en comprometerse a poñer en marcha o "Centro de Día-Residencia" da Laracha.

Con respecto a este Centro de Día, e dacordo coa información recabada ao Consorcio polo BNG da Laracha, xa está en marcha a redacción do proxecto de execución, e antes de fin de ano licitarase a obra. Así pois, e tendo en conta que o prazo de execución destes equipamentos acostuma a ser de aproximadamente un ano, a finais do vindeiro ano 2009 ou principios do 2010 podería estar construído o "Centro de Día-Residencia" para as nosas e nosos maiores, que tan demandado foi polo BNG da Laracha, e pola cidadanía larachesa en xeral

O que o Partido Popular non fixo en 16 anos de goberno de Fraga, nos que non se creou nin un só Centro de Día público, e moi poucas prazas



públicas de residencia, está a facelo o BNG desde a Vicepresidencia de Anxo Quintana, en menos de catro anos.

Na primeira lexislatura de goberno nacionalista na Vicepresidencia da Xunta, estase a crear unha rede pública de centros, de servizos e de equipamentos, que van permitir que moi pronto Galiza chegue aos ratios recomendados e mesmo os supere (en canto ao número de prazas públicas para as persoas maiores).

A Consellería de Vivenda prevé que antes de final de ano se inicien as obras do Parque Empresarial da Laracha

O pasado 15 de setembro rematou o prazo para que as empresas que opten aos traballos de urbanización do Parque Empresarial da Laracha presentaran as súas ofertas, así que pronto serán adxudicadas as obras e a previsión é que se inicien os traballos a finais deste ano

O BNG da Laracha xa dispón dun local

Situado no núcleo da Laracha, na rúa Arxentina (perto da rúa Santa Lucía, fronte ao Bar Santiago's). Este local está aberto a todas as veciñas e todos os veciños do noso municipio, estamos ao seu dispór e poden facernos chegar as súas inquedanzas, preguntas, propostas, etc.

O Partido Popular da Laracha rexeitou a creación dun regulamento de participación veciñal

Para o BNG da Laracha, está bastante claro que ao P.P. non lle interesa a participación das veciñas e dos

veciños na vida política. Por iso o grupo de goberno utilizou a súa maioría para rexeitar a proposta do portavoz municipal do BNG de aprobar un regulamento de participación, sen utilizar argumentos de ningún tipo e sen entrar nen a debater o fondo do asunto.



O Grupo Municipal do BNG da Laracha

Mónica Castro Nogareda, nova concelleira do BNG na Laracha

No último pleno tomou posesión como nova concelleira do Grupo Municipal do BNG da Laracha Mónica Castro Nogareda, veciña do lugar da Xesta, na parroquia de Soutullo, e que ía no número catro da candidatura do BNG nas pasadas eleccións municipais

Deste xeito prodúcese a renovación do grupo, logo da renuncia de Xosé Antón de la Fuente Subiela, que encabezou a nosa candidatura e fixo un extraordinario traballo nos últimos 13 anos sendo o referente do BNG na localidade.

Así pois, Mónica únese a Xoán Manoel Sande Muñiz (que pasa a ser o Portavoz do Grupo), e a Carolina Castiñeiras Brandón nun grupo municipal renovado, formado maioritariamente por mulleres, e con moita xuventude, ilusión e capacidade de traballo

“Un grupo municipal renovado, formado maioritariamente por mulleres, e con moita xuventude, ilusión e capacidade de traballo”



tariamente por mulleres, e con moita xuventude, ilusión, capacidade de traballo, e que está á disposición de todas as veciñas e veciños do concello da Laracha.

O alcalde mete a man no caixón para pagar actos do PP

As contas do ano pasado descubren as falcatuadas do goberno do PP

Ao BNG parécelle estupendo que se lles faga anualmente unha homenaxe aos deportistas e ás deportistas máis destacadas do noso concello. Un acto ao final de cada tempada para honrar a quen se esforza diariamente por mellorar marcas e superarse, para exemplo de todos os veciños e veciñas.

O que resulta lamentábel é que o Partido Popular desde o goberno municipal utilice os cartos públicos para facer un acto partidista, aproveitando a campaña electoral de 2007, sen presenza da totalidade dos concelleiros e concelleiras da Corporación municipal. Un acto sectario e partidista presidido por concelleiros e candidatos do PP que baixo a excusa dun recoñecemento público agochan un acto electoral pagado


polo Concello da Laracha.

Pero non somentes xogou o PP cos deportistas, o mesmo tratamento para as persoas maiores, tamén nos prolegómenos da campaña electoral de 2007, impedindo a presenza dos concelleiros e concelleiras da Corporación para darlle entrada a candidatos e concelleiros do PP, utilizando diñeiro público para actos de partido, sen rubor e sen vergoña.

As persoas maiores merecen respecto e que non se utilicen e manipulen para actos partidistas ou mítins. Tras a máscara do alcalde agóchase o PP, mentres mete a man no caixón do Concello para pagar os actos do seu partido, impedindo a asistencia dos

restantes concelleiros e concelleiras da Corporación municipal.

“O goberno municipal do PP gastou 40.000 euros en dúas "cuchipandas" antes das pasadas eleccións municipais”



Cada ano electoral o Partido Popular bota máis dos orzamentos para facer campaña

As contas do ano pasado descubriron 40.000 euros –preto de 6 millóns de pesetas- gastados polo alcalde nos dous actos electorais: o dos deportistas e o das persoas maiores. Que como antes dicíamos se organizaron e fixeron sen convidar a todos os concelleiros e concelleiras, tan só se organizou e convidou aos candidatos e concelleiros do PP.

E aínda a man no caixón arrabuñou o seu fondo con preto doutros 40.000 euros para publicidade e propaganda para as eleccións en varios medios de comunicación; e non contentos aínda chegaron a gastar en 'atencións protocolarias' uns 39.000 euros.

Ten a man grande o alcalde do PP: cada vez que hai eleccións arrabuña de 40.000 en 40.000 euros para facer propaganda. Caro sae aos laracheses e larachesas o goberno do PP.

Xoán Sande, impulsa a normalización do galego desde a Deputación Provincial

O deputado nacionalista de Benestar, Igualdade e Normalización Lingüística da Deputación da Coruña, Xoán Manuel Sande Muñiz, vén de facer a presentación do “II Encontro de política lingüística desde as administracións locais”.

Segundo o exposto por Xoán Manuel Sande, os obxectivos desta iniciativa, na que participarán responsables políticos e técnicos das áreas de Normalización Lingüística dos concellos da provincia, son dar a coñecer as propostas de acción e coordinación para a promoción social do uso do galego e deseñar conxuntamente liñas de cooperación e creación de rede entre os concellos neste eido

O deputado nacionalista destacou o éxito do primeiro encontro -celebrado o pasado ano cunha participación de máis de 80 persoas- e manifestou que este tipo de encontros serven -ademais de para debater e propoñer estratexias normalizadoras nos concellos- para poñer en evidencia a falsidade das accións levadas a cabo por algúns colectivos (e tamén polo Partido Popular) que, baixo a pretensión dunha falsa defensa do “bilingüismo”, pretenden a estigmatización da normalización do idioma propio de Galiza como se esta fose unha “imposición”, ou como se se prohibise falar noutra lingua distinta do galego.

Xoán M. Sande Muñiz repasou ademais algúns dos principais asuntos que se tratarían no encontro e destacou que neste se ía analizar o programa da área de normalización lingüística da Deputación (que él mesmo dirixe) para a creación e mantemento dos Servizos de

Normalización Lingüística (SNL) nos concellos da provincia, que conta con 2 millóns de euros de orzamento para os tres próximos anos.

Neste aspecto, Nel Vidal, presidente da Coordinadora de Traballadores de Normalización da Lingua (CTNL) destacou, neste mesmo acto, o compromiso da Deputación da Coruña no desenvolvemento e potenciación dos servizos de normalización lingüística e incidiu na importancia da “coordinación e planificación das políticas lingüísticas, para o que é fundamental atopar puntos de encontro a nivel técnico e político”.

O responsable da CTNL gabou o programa de cooperación e apoio á creación e mantemento de SNL, xa que “garante a creación destes departamentos no conxunto da provincia e ofrece unha estabilidade que nos permite planificar o traballo”, afirmou.

O noso portavoz municipal fixo un chamamento a que entre todas e todos defendamos a nosa lingua, o noso dereito a expresarnos sempre en galego dentro do noso país e de que as nosas fillas e os nosos fillos sexan educados no noso idioma.

Precisamente, medidas como a creación da rede de Galescolas, implementada pola Vicepresidencia da Xunta de Galiza, son fundamentais para que se faga efectivo este dereito, e é necesario que tamén desde a Consellería de Educación se adopten as medidas necesarias para que se cumpra o decreto que establece que, como mínimo, o 50% das horas lectivas teñen que ser impartidas en galego.



“Sande denunciou a falsidade das campañas apoiadas polo Partido Poular que pretenden estigmatizar o idioma propio de Galiza”

Como contactar co BNG da Laracha:

Xoán M. Sande: 646 916 638

Carolina Castiñeiras: 663 732 919

Mónica Castro: 651 170 764

Máis información: www.bng-galiza.org/alaracha

